

# Tratado de “engano”

## Remates que cortan a dixestión

---

MARGA ROMERO

Manuel Núñez Singala xa nos ten afeito ao humor “nobre”, que percorre toda a súa obra desde *O achado do Castro*, unha das pezas de teatro máis representadas da literatura galega, até a *Comedia Bífida*, perseguida por brillante, cuxas críticas lle darían ao autor para escribir unha nova comedia trágica que nos faría, sen dúbida, rir a cachón. En *Menú de enganos* cóntanse “ cousas de rir que arrepían” e “cousas trágicas que fan rir”, como ben diría Castelao

Argallado o libro coma a carta dun restaurante, móstrase nel o dominio de todos os xéneros que se poden encadrar no relato breve, deste xeito imos da pequena anécdota, ao xeito de Cousas de Castelao, no apartado “Para Picar”, até esoutras que se agrandan

nos “Entrantes” e xa se converten en “Arquivos”, á maneira diestiana, no desenvolver do ofrecemento nos “Primeiros” e “Segundos”, para retornar á brevidade no apartado final das “Sobremesas”. Núñez Singala é, sen dúbida, un dos que mellor terman do ritmo no desenvolvemento da historia, deses autores que tan ben lle tellen collido o pulso ás palabras no desafío do tempo ben medido no discurso, como o poden

facer Gonzalo Navaza ou Séchu Sende. *Menú de enganos* é un tratado do “engano”, onde se vai da mentira social ao autoengano ou á frustración como en “O comezo das vacacións”, “O tobo” ou o “Inhalador”. Hai relatos maxistrals como “A rapaza do bikini verde” nas que o novelo do enredo nos conduce cunha curiosidade inmensa a un remate que non albiscamos. O segredo dos relatos breves está nesas palabras finais, a bolboreta que dá voltas ao redor da luciña e que ilumina todo o que rematamos de ler. *Menú de enganos* ofrécenos remates que cortan a dixestión, rotundos e sorprendentes, sobre todo vingativos e, por incríbel que pareza, nada indixestos. O segredo está en saber comer o que se le, este é un dos bos menús da temporada.

NÚÑEZ SINGALA, Manuel, *Menú de enganos*, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP.11, 80 €

